



CONSENTIMIENTO INFORMADO

EXTIRPACIÓN (ENUCLEACIÓN) DA GLÁNDULA DE BARTHOLINO

Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica (versión consolidada)
Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes (versión consolidada)

D/Dna:		maior de idade, con DNI:	
Veciño/a de:	Rúa:	Nº:	
Teléfono:			

MANIFESTO:

Que fun informado/a polo médico/a, _____ en data _____ e que me foi entregada a información do procedemento e igualmente dos beneficios que se esperan e do tipo de riscos que comporta a súa realización (complicacións máis frecuentes) e a súa non realización, así como das posibles alternativas segundo os medios asistenciais deste Centro.

Comprendín toda a información que se me proporcionou e as miñas dúbidas foron aclaradas satisfactoriamente.

CONSINTO:

Aos facultativos a que me practiquen o procedemento mencionado e descrito no reverso e as probas complementarias necesarias. Son coñecedor/a de que en caso de urxencia ou por causas imprevistas poderán realizarse as actuacións médicas necesarias para manterme con vida ou evitarme un dano.

Sei que en calquera momento podoo revogar o meu consentimento.

Asino en: Ferrol a _____

No caso de ter de 12 a 16 anos ten que ser escoitada a opinión do menor

PERSONA AUTORIZADA	PACIENTE	FACULTATIVO
	<i>Asinará en caso de maior de 16 anos</i>	

Por incapacidade ou renuncia á toma de decisión: **persoa que autoriza** (familiar ou titor legal)

D./Dna. _____

DNI _____ en calidade de _____

O día _____ decidín **REVOGAR** o consentimento para a realización do procedemento referido neste documento.

Sinatura paciente
(ou persoa autorizada)

Sinatura testemuña

Sinatura facultativo

Data: _____



EXTIRPACIÓN (ENUCLEACIÓN) DA GLÁNDULA DE BARTHOLINO

A enucleación da glándula de Bartholino consiste na extirpación total da glándula, con peche das paredes.

Realízase habitualmente cando hai quistes da glándula sintomáticos (dor, molestias, infeccións recorrentes) e/o cando fracasaron outras medidas menos invasivas como a drenaxe cirúrxica (apertura e baleirado) ou a marsupialización (drenaxe da glándula e sutura dos bordos da capsula aos bordos da pel). Tamén se realiza en caso de tumores da glándula.

Os tratamentos alternativos son a drenaxe cirúrxica ou a marsupialización.

No seu caso o motivo da intervención é:

A enucleación non se pode realizar cando a glándula de Bartholino está infectada.

Complicacións:

Frecuentes:

- Hematomas.
- Infección a ferida cirúrxica. Habitualmente resólvese con tratamento antibiótico pero pode ser necesario a drenaxe cirúrxica.
- Asimetría de beizos.

Pouco frecuentes:

- Cicatriz que provoque molestias nas relacións sexuais (dispareunia).
- Necesidade de reintervención, habitualmente por extirpación incompleta ou por infección que precisa drenaxe cirúrxica,....
- En caso de extirpación das dúas glándulas podería haber segura vaxinal e a necesidade de usar hidratantes vaxinais e /o lubricantes.

Nalgúns casos non será posible realizar a técnica e será necesario recorrer a unha marsupialización.

Trala enucleación debe manter a ferida limpa e seca. Debe evitar as relacións sexuais e os esforzos físicos ata que o médico o autorice, habitualmente varias semanas.

Se vostede, ou algún familiar desexan maior información, non dubiden en consultar a calquera dos médicos do Servizo.

RISCOS PERSONALIZADOS